

DOCUMENTACIÓN

2º TRIMESTRE

SAN LORENZO



MATERIAIS DAS PROPOSTAS DIARIAS

TÓDOLOS DÍAS DENDE QUE CHEGAMOS A AULA, CONTAMOS CUNHA SERIE DE PROPOSTAS NOS DIFERENTES AMBIENTES DE APRENDIZAXES (EXPLICADOS NO ANTERIOR TRIMESTRE)

GRAZAS A ESTAS PROPOSTAS ESTAREMOS TRABALLANDO DIFERENTES ASPECTOS RELACIONADOS COA LECTOESCRITURA, LÓXICA MATEMÁTICA, VIDA PRÁCTICA,

MOTRICIDADE...ONDE O NOSO APRENDIZAXE SERÁ A TRAVÉS DO XOGO.

ASÍ, ALGÚNS MATERIAS PRESENTES NAS NOSAS PROPOSTAS SON:

TORRE ROSA: A SIMPLE VISTA PARECE UNHA TORRE NORMAL E CORRENTE, PERO É MOITO MÁIS QUE ISO...A TORRE ROSA É UN DOS MATERIAIS MÁIS COÑECIDOS DA PEDAGOGA MARÍA MONTESSORI.

GRAZAS A ESTA TORRE TRABALLARASE O DESENVOLVEMENTO VISUAL, TAMAÑOS, LONXITUDE, A CONCENTRACIÓN, A ORDEN E PREPARA OS CATIVOS PARA AS MATEMÁTICAS.

UN DOS OBTETIVOS PRINCIPAIS É A INTERIORIZACIÓN DA MEDIDA.



OUTRO COMPLEMENTO MOI INTERESANTE PARA COMBINAR COA TORRE ROSA É A **ESCALEIRA MARRÓN** DE MONTESSORI. ESTA ESCALEIRA É UNHA SERIE DE PRISMAS QUE DEMOSTRAN O CAMBIO DE ALTURA MENTRAS QUE A LONXITUDE SEMPRE É CONSTANTE. POR ISO, ESTE MATERIAL SERVE PARA TRABALLAR O CONCEPTO DE GROSOR, XA QUE OS CATIVOS CENTRANSE NESTA CARACTERÍSTICA UNICAMENTE.



UNHA VEZ, QUE EXPERIMENTEN COA TORRE ROSA E A ESCALEIRA MARRÓN, PÓDESE COMPLEMENTAR CO USO DE TARXETAS INTRODUCINDO OS DOUS MATERIAIS.

FACENDO COMPARACIÓN DE MAGNITUDES, DESENVOLVEMENTO ÓCULO-MANUAL, INTEGRACIÓN E USO DOS CONCEPTOS DE AMBOS MATERIAIS.



OUTRO MATERIAL MOI INTERESANTE, SON OS **CILINDROS DE BOTÓN**. CON ESTE MATERIAL FAVORÉCESE A ORDE, A CONCENTRACIÓN, A COORDINACIÓN E O USO DA PINZA PARA TOMALOS CILINDROS SENDO UNHA PREPARACIÓN INDIRECTA PARA A LECTOESCRITURA.



OUTRAS PROPOSTAS REALIZADAS Ó LONGO DESTE TRIMESTRE, SON AS RELACIONADAS COA ESTACIÓN DO INVERNO



SIMETRÍAS



LÓXICA MATEMÁTICA



MOTRICIDADE FINA





EXPERIMENTACIÓN A TRAVÉS DA MESA DE TRASVASES, CANDADOS, MESA DE LUZ, EXPERIMENTOS...



CONCIENCIA FONOLÓGICA





XOGOS OLÍMPICOS E PROXECTO

DOCUMENTAL INTEGRADO



NESTE TRIMESTRE, TÍVEMOS UN GRAN SORPRESA POR PARTE DAS NOSAS MASCOTAS RABUÑOSO E RABUÑOSÍN, XA QUE NA AULA APARECEU UNHA MALETA CON DIFERENTES OBXECTOS RELACIONADOS COS XOGOS OLÍMPICOS: MEDALLAS, FOTOS DE TOKIO, UNS ARCOS CON FRECHAS...

ASÍ QUE RÁPIDAMENTE PUXÉMONOS A INVESTIGAR SOBRE O TEMA, DESCUBRINDO ONDE SE ATOPABA TOKIO, COÑECEMOS O NOME DA MASCOTA OLÍMPICA (MIRAITOWA) E PARALÍMPICA (SOMEITY), INVESTIGAMOS SOBRE OS DIFERENTES DEPORTES (NOMES, NORMAS, RESPETO E DIFERENCIAS DAS DIFERENTES PERSOAS QUE PARTICIPAN), SIGNIFICADO DOS AROS OLÍMPICOS E PARALÍMPICOS...

DESTA MANEIRA, APROVEITANDO O NOSO PROXECTO ANUAL DAS MULLERES, TRABALLAMOS A DIFERENTES DEPORTISTAS GALEGAS. ADEMAIS, NA NOSA AULA CENTRÁMONOS NO DEPORTE DE TIRO CON ARCO E COÑECIMOS A UNHA DEPORTISTA GALEGA QUE SE DEDICA A ESTE DEPORTE COMO É "IRIA GRANDAL"



GRAZAS A COOPERACIÓN DAS FAMILIAS, VISITOUNOS UNHA NAI DE SAN MARTIÑO (AMELIE) E CONTOUNOS E APRENDEMOS MOITAS COUSAS SOBRE O DEPORTE OLÍMPICO DE XÍMNASIA RÍTMICA. O QUE MÁIS NOS GUSTOU FOI EMPREGAR AS CINTAS E OS AROS!!!



APROVEITANDO ESTE CENTRO DE INTERESE DOS XOGOS OLÍMPICOS DE 2020, TRABALLAMOS DIFERENTES CONMEMORACIÓN, COMO SON "O DÍA DA PAZ" FACENDO A ÁRBORE OLÍMPICA DA PAZ E TRABALLANDO O CONTO DE WANGARI, E O "DÍA DA MULLER" TRABALLANDO A ARQUERA IRIA GRANDAL.



E CHEGOU O ENTROIDO!!! E COMO NON TODO O CRA FOI DISFRAZADO DOS DIFERENTES DEPORTES DOS XOGOS OLÍMPICOS.

NO CASO DA NOSA AULA, QUE GUAPOS E GUAPAS ÍBAMOS DE DIANAS!!! E NON NOS PODÍAN FALTAR AS MEDALLAS OLÍMPICAS



SEGUINDO COAS CONMEMORACIÓN NA SEMANA DA PRENSA, OBSERVAMOS DIFERENTES NOTICIAS, TITULARES, FIXEMOS DIFERENTES COMPOSICIÓNS CO XORNAL...





NESTRE TRIMESTRE REALIZAMOS UNHA **INSTALACIÓN CON PAPEIS DE XORNAIS, DE AGASALLOS, TUBOS DE PAPEL...** ASÍ EMPREGAMOS ESTOS ESPAZOS, COMO UN ESPAZO DE XOGO E DE CONSTRUCCIÓN DE APRENDIZAXES, A TRAVÉS DA MANIPULACIÓN, OBSERVACIÓN, EXPERIMENTACIÓN...



ACCIONES QUE SE PROVOCAN: SEN LLES DICIR QUE FACER, ACABARON ROMPENDO OS PAPEIS QUE COLGABAN COS TUBOS, TIRÁNDOSE OS PAPEIS UNS A OUTROS, FIXERON MONTAÑAS XIGANTES DE PAPEIS...




OUTRA PROVOCACIÓN QUE FIXEMOS NESTE TRIMESTRE, FOI A **EXPERIMENTACIÓN CON LUZ NEGRA.**

NUN PRIMEIRO MOMENTO ESTIVEMOS PINTANDO CON PINTURA BRANCA EN PAPEL BRANCO E NON SE VEÍA NADA DE NADA...PERO CANDO ENCENDIMOS A LUZ SORPRESA!!!! VÍANSE OS NÓSOS DEBUXOS.

SEGUIDAMENTE, EXPERIMENTAMOS CON ROTULADORES FOSFORITOS E COMPROBAMOS COMO BRILLABAN, UNHA CHULADA!!!

FINALMENTE, REMATAMOS MOVENDO O CORPO O RITMO DA MÚSICA COS ELEMENTOS FOSFORITOS.



A POSTA A PUNTO E O COIDADADO DA "NOSA HORTA" É MOI IMPORTANTE, XA QUE GRAZAS A ELA OS CATIVOS TOMÁN CONCIENCIA DO COIDADADO DO MEDIO AMBIENTE PARTICIPANDO NO PROXECTO DE VOZ NATURA.

NESTE TRIMESTRE, PRANTAMOS BULBOS (TULIPÁNS E JACINTOS) E DIFERENTES TIPOS DE PRANTAS COMO TOMATES, FRESÓNS, PEMENTOS, BRÓCOLI



UNHA DAS ZONAS QUE MÁIS NOS GUSTA DO COLE E O NOSO PATIO. AGORA CO USO DOS CHUVASQUEIROS E BOTAS DANOS UNHA MAIOR POSIBILIDADE DE EXPERIMENTACIÓN, AUTONOMÍA, XOGO...

DEBUXOS CON

XIZ DE

MIRAITOWA

E SOMEITY





EN RELACIÓN A ESTE MOMENTO EXTRAORDINARIO NA QUE NOS ATOPAMOS, QUERO DARVOS MOITO ÁNIMO A TÓDALAS FAMILIAS E EN ESPECIAL A ESES PEQUEÑAJOS E PEQUEÑAJAS QUE SE ESTÁN PORTANDO COMO VERDADEIROS CAMPIÓN E CAMPIONAS.

ESPERO QUE PRONTO PASE ESTE PESADELO E DENDE AQUÍ, DECIRVOS QUE A PROFE LAURA BÓTAVOS MOITISIIIIIMO DE MENOS.

PODEREMOS CON ESTE BICHO!!!

MOITA FORZA FAMILIAS!!!!